

Presentación tecnoloxías 3º ESO

Obxectivos:

Adquirir os coñecementos que nos permitan entender mellor o noso entorno, expresar as nosas ideas e ser capaces de reproducir e crear produtos tecnolóxicos, baixo unha perspectiva técnica.

1ª Avaliación

1. Electricidade e electrónica (teoría e práctica)
2. Ferramentas ofimáticas e deseño vectorial (práctica informática)

2ª Avaliación

1. Electrónica avanzada (teoría e práctica)
2. Deseño 3D con OpenScad (práctica informática)
3. Funcionamento da computadora (teoría)

3ª Avaliación

1. Robótica e programación con Arduino (teoría, práctica e práctica informática)

Metodoloxía:

Traballaremos segundo os principios da instrucción guiada. O alumnado recibirá boletíns de traballo, apuntamentos e referencias de contidos na web. Esíxese do alumnado a disposición apropiada para o traballo de aula.

Avaliación:

Cualificación: 20% actitude e 80% contidos. A actitude será avaliada mediante a observación directa e rexistro no caderno do profesor, os contidos serán avaliados mediante probas escritas, orais e prácticas. Para obter o aprobado nunha avaliación, o alumnado deberá cumprir dúas condicións:

- 1 - que a media das cualificacións de todas as partes acade o 5
- 2 - que ningunha das partes teña unha calificación inferior a 4

As partes aprobadas se gardarán definitivamente, as partes suspensas deberán ser recuperadas no exame final de xuño e/ou setembro.

A nota final en xuño calcularase facendo a media das tres avaliacións, tendo en conta que o alumnado ten que ter un mínimo dun 5 en cada avaliación.

En setembro, a nota será a media ponderada das avaliacións aprobadas coa nota das partes das que se fixo exame.

Material:

O alumno/a deberá traer a clase unha funda plástica con folios brancos e cuadriculados, lapis, goma e bolígrafo. Farase entrega ao alumnado dun paquete de compoñentes electrónicos, que terán que ser devoltos a final de curso en bo estado de conservación. Tamén se lle entregarán boletíns de exercicios que deberá conservar e traer a clase. En concepto de gastos en material funxible para fotocopias, proxectos e prácticas, pídeselle ao alumnado unha aportación de 5 €.

Comunicación online:

O alumnado é responsable de coñecer e consultar regularmente unha conta de correo, e de instalar no seu equipo particular os programas que se usarán durante o curso.